

Atención psicolóxica a menores vítimas de violencia de xénero

En relación coa atención psicolóxica a menores vítimas de violencia de xénero, informamos das implicacións da aprobación e publicación do Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, agora en tramitación como Proxecto de Lei.

O artigo 156 do Código Civil esixía para todos os supostos o consentimento de ambos ostentadores da patria potestade para que os seus fillos e fillas puidesen recibir asistencia e atención psicolóxica.

Pois ben, a normativa antes referida, na súa Disposición final segunda engade un parágrafo ao artigo 156 do Código Civil, establecendo a tan necesaria e importante excepción de que nos supostos descritos na modificación engadida, bastará o consentimento do/a proxenitor/a que sexa vítima ou que actúe en representación do menor vítima. Así en concreto: *“Ditada unha sentenza condenatoria e mentres non se extinga a responsabilidade penal ou iniciado un procedemento penal contra un dos proxenitores por atentarse contra a vida, a integridade física, a liberdade e indemnidade sexual dos fillos ou fillas comúns menores de idade, ou por atentarse contra o outro proxenitor, bastará o consentimento de este para a atención psicolóxica dos fillos e fillas menores de idade, debendo o primeiro ser informado previamente. Se a asistencia houbera de prestarse aos fillos e fillas maiores de 16 anos precisarase en todo caso o consentimento expreso de estes”*.

Podes consultar o texto íntegro do Real Decreto-lei no seguinte enlace:

https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2018-11135.

É importante resaltar que aínda que non se requira consentimento, segue a ser imprescindible que o outro proxenitor estea informado. O que non se precisa é o consentimento do feito da atención psicolóxica así como os datos do psicólogo/a que vai facer a intervención, para dar cumprimento ao disposto no artigo 42 do Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.

Á falta de desenvolvemento normativo e xurisprudencial sobre esta modificación, este Colexio recomenda a máxima prudencia dos colexiados e colexiadas á hora de utilizar esta excepción.